



# PLAN DIGITAL

## CEIP Soutelo de Montes

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro	CEIP Soutelo de Montes
Dirección	Rúa Grupo Escolar, 31, Soutelo de Montes, Forcarei, 36560
Correo	ceip.soutelo.montes@edu.xunta.gal
Páxina web	<a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsoutelomontes/">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsoutelomontes/</a>
Etapas educativas	Educación Infantil (1 unidade) e Educación Primaria (3 unidades)
Número de alumnado	Educación Infantil: 12 Educación Primaria: 35
Número de profesorado	10 (incluídos 4 itinerantes)

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Centro está situado nunha pequena vila cunha contorna rural de aldeas ou pequenas poboacións bastante illadas unhas doutras. O transporte escolar é fundamental no día a día do colexio. No aspecto socioeconómico, trátase dun alumnado pertencente a un entorno rural de familias sen grandes problemas económicos nin de estruturación social onde as actividades laborais máis frecuentes teñen relación co traballo no campo, na pequena industria así como no sector servizos. A presenza dos avós no núcleo familiar e a súa axuda na educación dos nenos e nenas é primordial. A lingua materna maioritaria entre o alumnado é o galego, polo que se considera a lingua predominante.

O plan dixital de centro é un instrumento de planificación que debe estar integrado no Proxecto Educativo, segundo se recolle na LOMLOE: *[O proxecto educativo do centro recollerá así mesmo a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis.5.ª]*, co fin de desenvolver a competencia dixital da comunidade educativa, promover a innovación e sacar o máximo partido das tecnoloxías da información e comunicación, e dos recursos educativos dixitais.

Este plan debe construírse coa participación de todos os sectores da comunidade educativa de modo que se converta nun proxecto compartido. De igual modo, o Plan de Continxencia para situacións de emerxencia conterá as medidas que garantan a competencia dixital do alumnado e profesorado, reducindo no posible as fendas dixitais de acceso e uso, e as previsións para a revisión dos elementos do currículo e das programacións didácticas centradas nos aspectos máis competenciais do mesmo.

O plan dixital de centro debe permitir á comunidade educativa visualizar onde quere que chegue o centro, entender onde está actualmente e trazar o camiño que o leve dun estado ao outro.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

De acordo coa disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022: *Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.*

*Segundo o art. 121 da LOMLOE: O proxecto educativo do centro recollerá así mesmo a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis.5. Devandito proxecto estará enmarcado nunhas liñas estratéxicas e terá en conta as características da contorna social, económico, natural e cultural do alumnado do centro, así como as relacións con axentes educativos, sociais, económicos e culturais da contorna.*

Mediante o presente plan, preténdese:

- Avaliar a situación do centro educativo con relación ao uso da innovación e o TIC nos distintos elementos clave que recolle o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes, para poder, a continuación, deseñar e emprender un proceso de transformación no centro.
- Recoñecer o Plan Dixital como un recurso clave para a planificación da estratexia dixital dunha organización educativa.
- Transformar o centro educativo nunha organización que aprende, sendo so posible se é unha organización dixitalmente competente.

### 1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do Plan Dixital distinguimos 5 fases no desenvolvemento do mesmo:

- 1ª fase: realización do SELFIE. O alumnado do 3º, 4º, 5º e 6º cursos e os/as 3 mestres/as definitivos/as no centro farán as enquisas SELFIE.
- 2ª fase: realización do test de Competencia Dixital Docente. Realizado polo 90% do profesorado.
- 3ª fase: análise do informe SELFIE e dos resultados do centro no test CDD. Detección de necesidades, carencias e problemas.
- 4ª fase: Elaboración do DAFO. Extrapolación dos resultados do informe SELFIE nas catro categorías de análise do DAFO.
- 5ª fase: Elaboración do Plan de Acción. Redacción de obxectivos a partires dos catro ámbitos que centran a análise DAFO.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

En canto á infraestrutura dixital do centro, gozamos dunha boa conectividade tanto cableada coma sen fíos. O equipamento está distribuído da seguinte maneira dependendo das diferentes aulas:

- Nas aulas correspondentes ás **titorías** e **especialidades** hai ordenadores de mesa e portátiles antigos, pero que funcionan correctamente. Tamén nestas contamos con taboleiros dixitais e os seus correspondentes canóns.
- Especificamente na **aula de 5º e 6º** contamos con ordenadores portátiles (os mesmos usados para E-Dixgal) e tabletas gráficas como parte do Programa DigiCraft.
- Na **biblioteca** soamente hai un ordenador de mesa que é o usado para facer empréstitos e devolucíons e traballos propios da B.E., o cal non funciona ao 100% debido á súa antigüidade.
- Na **aula de informática** hai 9 equipos, dos cales hai 6 que, ao ser antigos, funcionan de maneira lenta.
- Na **sala de mestres/as** hai ordenadores de mesa que funcionan ben.
- O despacho de **dirección** conta cun ordenador de mesa novo.
- Hai 12 ordenadores portátiles novos (almacenados na aula de informática) a disposición do noso alumnado e profesorado para o seu uso extraordinario nos seus domicilios.
- Tamén na aula de informática, pero a disposición de quen as necesite, hai 6 tabletas obsoletas.

De todo o equipamento arriba mencionado os 12 portátiles novos, os 4 monitores dos ordenadores de mesa da aula de informática e as 6 tabletas foron adquiridos con fondos do centro.

Para facilitar a xestión docente usamos diferentes servizos dixitais educativos:

- Servizos corporativos:
  1. Empregamos a páxina web do centro a diario para facer comunicacións ás familias e compartir actividades e documentos do centro.
  2. Tan so o 10% do profesorado usa a plataforma Agueiro.
  3. O profesorado segue facendo uso da aula virtual, pero en menor medida en comparación co curso pasado.
- Servizos non corporativos:
  1. Un 30% dos mestres usa Google Drive para compartir documentos.

## Plan de Continxencia do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsoutelomontes/?q=node/506>

### 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

**Autoavaliación SELFIE: resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa:**

Areas	Grupos	Ensinanzas Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	3.8
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3.8
	Alumnado	4.6
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4.4
	Profesorado	4.4
	Alumnado	4.4
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4
	Profesorado	4.1
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.5
	Profesorado	4.1
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.8
	Profesorado	3.4
	Alumnado	4.7
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	3.6
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.7
	Profesorado	3.9
	Alumnado	4.3

**Test CDD:** información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro e do recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	3	4	75%
PROVISIONAL	2	2	100%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	2	3	66,7%

## 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
58,1	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

## 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	78,7	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
Pri.	57,2	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

## 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	2	25%
A2	2	25%
B1	3	37,5%
B2	1	12,5%
TOTAL	8	100,00%

## 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e o TCDD, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C2, C5, C8, C10: no noso centro, ademais de contar cunha ampla variedade de dispositivos dixitais dos que todos facemos uso, consideramos que estamos cubertos ante o posible fallo dos mesmos, xa que contamos cun competente equipo TIC e a UAC.	C1, C3, C7: en canto á acceso a internet é importante mencionar que na época que realizamos a enquisa SELFIE fallaba moito a WIFI do centro, pero xa está solucionado.
	PERSOAL DOCENTE	A3, A4, B2, D1, D2, D3, E1, E2, E3, E4, F1, F4, G1, G5: como mestres adoptamos novas modalidades de ensinanza e consideramos que dispoñemos de tempo para as aprendizaxes relacionadas coas novas tecnoloxías, compartindo experiencias con outros mestres e centros e coa finalidade de usalas dentro da aula. Ademais, o uso que facemos da ensinanza dixital implica tamén unha avaliación derivada desta, é dicir, que valoramos o traballo dixital do noso alumnado.	B1, B3, F3, F5, F6, G3, G6: inda que moitos mestres deste centro comparten as súas experiencias de uso das tecnoloxías dixitais co resto dos compañeiros non o facemos o 100%. Este é un aspecto a mellorar, xa que implementación na aula destas tecnoloxías é esencial actualmente.
	PERSOAL NON		

<b>DOCENTE</b>		
<b>ALUMNADO</b>	C8, C10, H1, H3, H8: o noso alumnado está afeito a usar no centro ordenadores de mesa e portátiles, tablets, ebooks e tabletas gráficas. Estes dispositivos úsanse, na maior parte do tempo, con fins didácticos, polo que é moi importante as pautas sobre seguridade e comportamento que lles damos para facer un bo uso destes e, tamén, para que desenvolvan un pensamento propio e crítico.	H4, H6, H7, H10: malia darlles ferramentas ó alumnado para capacitalos a discernir entre información veraz e non veraz, os mestres pensamos que nos queda moito traballo por facer neste ámbito.
<b>FAMILIAS</b>		
<b>OFERTA</b>	A3: é importante que as familias que non pertencen á nosa comunidade educativa coñezan a nosa maneira de traballar integrando as tecnoloxías dixitais e así llo facemos saber nas xornadas de portas abertas e na páxina web do centro.	
<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	A3, A4, C5: non todos os mestres do noso centro teñen a mesma competencia dixital, inda que despois do confinamento tivemos formacións sobre o uso da aula virtual e outras ferramentas. Por iso hai unha continua transmisión de coñecementos por parte dos compañeiros que teñen un maior dominio nesta competencia.	A1, A2, B1: ante o cada día máis crecente uso das tecnoloxías dixitais tamén no ámbito educativo vémonos obrigados a desenvolver estratexias para a súa integración, polo que todos debemos poñer da nosa parte para levalas a cabo.

<b>EXTERNOS</b>		<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	C1, C2, C3, C7, C8, C10: son os que nos dotan da maior parte dos dispositivos dixitais cos que contamos no centro. O curso pasado, e ante as posibles coarentenas, enviaron moitos ordenadores portátiles para cubrir as carencias do alumnado que non ten na casa.	C5: encontramos dificultades en canto á actualización das maquetas dos ordenadores portátiles usados para DigiCraft. Foi un gran problema porque non podiamos nin empezar as actividades que debiamos facer. As asistencias técnicas remitiánnos constantemente duns ós outros sen darnos solucións.
	<b>LEXISLACIÓN</b>		C7: os constantes cambios normativos neste aspecto fan que teñamos que revisar a lexislación moi frecuentemente.
	<b>CONTORNA</b>		C11: dado que o noso centro está situado nunha zona rural hai moitas aldeas nas que non hai conexión a internet.
	<b>ANPA</b>		
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	B3: a Cruz Vermella dotou de conexión sen fíos ás familias que o necesitan, xa sexa por falta de recursos ou por que a esa aldea non chegue a conexión doutra maneira.	



### 3. Plan de Acción

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

O primeiro paso para analizar o DAFO foi fixarnos nos resultados das nosas fortalezas, debilidades, oportunidades e ameazas. A continuación, examinamos cada unha destas catro categorías para extraer áreas prioritarias e definir obxectivos de mellora. Decidimos usar as nosas **fortalezas** para mellorar a competencia dixital dos nosos compañeiros formándoos nesta; en canto ás **debilidades**, definimos obxectivos para atallalas; as **oportunidades** de mellora veñen proporcionadas pola administración educativa e así esperamos que siga sendo; por último, atopámonos ante **ameazas** que dificilmente podemos resolver nós de primeira man, pero ás que sempre trataremos de atopar a mellor das solucións. Finalmente así quedaron redactados os obxectivos que queremos conseguir:

1. Promover a comunicación entre mestres e familias a través de abalarMóbil. (A2)
2. Formar ó profesorado no uso de software libre. (A1)
3. Promover a colaboración con entidades externas. (B3)
4. Facilitar dispositivos dixitais para a aprendizaxe ás familias que os necesiten.
5. Identificar problemas de conectividade das familias. (C3)
6. Organizar formacións internas de intercambio de experiencias dixitais. (D3)
7. Crear un banco de recursos dixitais. (E2)
8. Crear un banco de actividades enfocadas ás necesidades de alumnado estranxeiro. (F6)
9. Crear actividades de avaliación coas ferramentas propias da aula virtual. (G1)
10. Familiarizar ó noso alumnado coa análise da veracidade da información. (H4)

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

No que atinxe ás necesidades de equipamento, os dispositivos que máis urxe substituír son os da aula de informática. Todos/as os/as mestres/as acudimos co alumnado moi frecuentemente e algúns dos dispositivos desta aula funcionan tan lentos que é difícil avanzar materia ou traballar desde o mesmo punto de partida con todo o alumnado.

Tamén urxe substituír as tabletas mercadas polo centro porque están obsoletas e é moi difícil traballar con elas.

Ademais, necesitaríamos libros electrónicos para poder facer uso no centro da ferramenta E-lbe.2 das Bibliotecas Escolares.

En canto á infraestrutura tecnolóxica, gozamos dunha boa conexión cableada e sen fíos e tamén as infraestruturas de datos e voz son óptimas.

## Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Liderado (A)							
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Promover a comunicación entre mestres e familias a través de abalarMóbil. (A2)				Acadado		
<b>Responsable:</b>	Coordinador TIC				Non acadado		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de mestres que usan a ferramenta abalarMóbil (Instrumento: enquisa)						
<b>Valor de partida:</b>	0 mestres						
<b>Valor previsto e data:</b>	9 mestres			30/06/23			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
<b>AO1.1: Crear un grupo de traballo que forme aos compañeiros no uso desta ferramenta.</b>	Coordinador TIC	01/10/2022	Dispositivos móbiles			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
<b>AO1.2: Comunicar ás familias o comezo do uso da ferramenta e envío de información (titorial) para o seu uso.</b>	Dirección	15/10/2022	Páxina web do centro, correo electrónico, móbiles			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
<b>AO1.3: Comezar a usar abalarMóbil enviando comunicacións periódicas.</b>	Profesorado da materia	30/06/2023	Móbiles			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área/s de mellora: Liderado (A)							
<b>OBXECTIVO 2:</b>	Formar ó profesorado no uso de software libre. (A1)				Acadado		
<b>Responsable:</b>	Coordinador/a TIC				Non acadado		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Porcentaxe dos mestres que fan uso de software libre (Instrumento: enquisa)						
<b>Valor de partida:</b>	1% dos mestres						
<b>Valor previsto e data:</b>	100% dos mestres			30/06/2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
<b>AO2.1: Levar a cabo formación por parte do/a coordinador/a TIC no uso de software libre.</b>	Coordinador/a TIC	22/12/2022	Ordenadores e software específico			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
<b>AO2.2: Facer uso do software libre por parte da maioría do profesorado.</b>	Profesorado do centro	30/06/2023	Ordenadores e software específico			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

**Área/s de mellora: Colaboración e redes (B)**

<b>OBXECTIVO 3 :</b>	Promover a colaboración con entidades externas. (B3)	Acadado	
<b>Responsable:</b>	Dirección	Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de colaboracións externas (Instrumento: memoria de actividades extraescolares)		
<b>Valor de partida:</b>	0 charlas		
<b>Valor previsto e data:</b>	1 charla	21/06/2023	

**ACCIÓN A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO3.1: Solicitar charla sobre Novas Tecnoloxías á Garda Civil.</b>	Dirección	21/06/2023	Ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## Área/s de mellora: Infraestrutura e equipos (C)

<b>OBXECTIVO 4:</b>	Facilitar dispositivos dixitais para a aprendizaxe ás familias que os necesiten. (C10)	Acadado	
<b>Responsable:</b>	Dirección	Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de familias beneficiarias do préstamo de dispositivos dixitais (Instrumento: Enquisa)		
<b>Valor de partida:</b>	0% das familias		
<b>Valor previsto e data:</b>	100% das familias	21/06/2023	

### ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO5.1: Redactar e enviar unha enquisa sobre a existencia de dispositivos dixitais das familias.</b>	Dirección	01/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO5.2: Recoller os datos das enquisas enviadas.</b>	Titores/as	15/10/2022	Enquisas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO5.3: Redactar contratos sobre o compromiso de coidar os dispositivos a emprestar e envialos ás familias.</b>	Dirección	22/10/2022	Contratos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO5.4: Realizar o préstamo dos dispositivos.</b>	Coordinador/a TIC	21/06/2023	Dispositivos dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## Área/s de mellora: Infraestrutura e equipos (C)

<b>OBXECTIVO 5:</b>	Identificar problemas de conectividade das familias. (C3)	Acadado	
<b>Responsable:</b>	Dirección	Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Porcentaxe de familias que carecen de conectividade (Instrumento: Enquisa)		
<b>Valor de partida:</b>	Sen datos previos		
<b>Valor previsto e data:</b>	100% das familias	22/12/2022	

### ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO6.1: Redactar e enviar unha enquisa ás familias sobre os problemas de conectividade nas súas casas.	Dirección	01/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Recoller os datos das enquisas enviadas.	Titores/as	15/10/2022	Enquisas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.3: Trasladar ao Concello os datos recollidos para que llos fagan chegar á Cruz Vermella, quen, así mesmo, proporcionará ás familias os recursos necesarios para contar con conectividade.	Dirección	22/12/2022	Resultados das enquisas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional continuo (D)

<b>OBXECTIVO 6:</b>	Organizar formacións internas de intercambio de experiencias dixitais. (D3)		<b>Acadado</b>			
<b>Responsable:</b>	Dirección		<b>Non acadado</b>			
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de intercambio de experiencias (Instrumento: Memoria da diferentes áreas)					
<b>Valor de partida:</b>	Sen datos previos					
<b>Valor previsto e data:</b>	8 charlas		31/05/2023			
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO7.1: Organizar intercambio de coñecementos de ferramentas dixitais a nivel interno.</b>	Dirección	31/05/2023	Profesorado do centro con experiencia no uso de diferentes ferramentas dixitais que estean dispostos a compartilas para formar aos seus compañeiros.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

## Área/s de mellora: Pedagogía: apoios e recursos (E)

<b>OBXECTIVO 7:</b>	Crear un banco de recursos dixitais. (E2)			Acadado		
<b>Responsable:</b>	Dirección			Non acadado		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de actividades elaboradas (Instrumento: Memorias das diferentes áreas)					
<b>Valor de partida:</b>	0 actividades					
<b>Valor previsto e data:</b>	3 actividades por mestre cada trimestre			31/05/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO8.1: Solicitar un PFPP cunha liña de creación de recursos dixitais.</b>	Dirección	30/11/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO8.2: Crear recursos dixitais adaptados a cada materia.</b>	Profesorado de cada área	31/05/2023	Ordenadores e software específico		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO8.3: Subir á aula virtual os recursos creados.</b>	Profesorado de cada área	31/05/2023	Recursos creados		Realizada	



## Área/s de mellora: Pedagogía: implementación na aula (F)

<b>OBXECTIVO 8:</b>	Crear un banco de actividades enfocadas ás necesidades de alumnado estranxeiro. (F6)		<b>Acadado</b>			
<b>Responsable:</b>	Orientador		<b>Non acadado</b>			
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de actividades creadas (Instrumento: Memorias das diferentes áreas)					
<b>Valor de partida:</b>	Sen datos previos					
<b>Valor previsto e data:</b>	3 actividades en todas as materias implicadas	Un mes despois da incorporación do/a alumno/a				
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO9.1: Realizar xuntanza do Departamento de orientación para decidir que materias se adaptarán.</b>	Orientador/a	Na semana da incorporación do/a alumno/a	Expediente do/a alumno/a		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO9.2: Realizar xuntanza do Departamento de orientación co profesorado para seleccionar os contidos a adaptar.</b>	Orientador/a	Unha semana despois da incorporación do/a alumno/a	Programacións das materias		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO9.3: Adaptar os contidos seleccionados e subir as actividades á aula virtual.</b>	Profesorado da materia	Un mes despois da incorporación do/a alumno/a	Software específico		<b>Realizada</b>	

## Área/s de mellora: Prácticas de avaliación (G)

<b>OBXECTIVO 9:</b>	Crear actividades de avaliación coas ferramentas propias da aula virtual. (G1)			<b>Acadado</b>		
<b>Responsable:</b>	Dirección			<b>Non acadado</b>		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de actividades creadas (Instrumento: Memorias das diferentes áreas)					
<b>Valor de partida:</b>	Sen datos previos					
<b>Valor previsto e data:</b>	Unha actividade de avaliación por tema e materia			31/05/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO10.1: Solicitar un PFPP sobre creación de actividades de avaliación con ferramentas propias da aula virtual.</b>	Dirección	30/09/2022	Solicitud do PFPP		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO10.2: Crear actividades de avaliación e subilas á aula virtual.</b>	Profesorado da materia	22/12/2022	Aula virtual e actividades creadas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

## Área/s de mellora: Competencias dixitais do alumnado (H)

<b>OBXECTIVO 10:</b>	Familiarizar ó noso alumnado coa análise da veracidade da información. (H4)			Acadado		
<b>Responsable:</b>	Dirección			Non acadado		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de sesións adicadas á análise da información (Instrumento: Memoria das diferentes áreas)					
<b>Valor de partida:</b>	0 sesións					
<b>Valor previsto e data:</b>	6 sesións			21/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO11.1: Crear actividades para analizar a información.	Titores/as	02/04/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO11.2: Crear actividade final con información de varias páxinas web para poñer en práctica o aprendido.	Titores/as	31/05/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

#### **4. Avaliación do plan**

Cada unha das accións propostas neste plan ten uns indicadores específicos que axudarán a determinar se o obxectivo proposto foi alcanzado e se é necesario realizar variacións na formulación destas accións durante o curso para que as propostas se materialicen.

Coa análise destes indicadores, elaborárase un informe avaliativo final no que se recollerán os resultados, os aspectos negativos, os positivos e as propostas de mellora para cursos posteriores.

Cada trimestre valorárase o estado de execución das accións, a análise e valoración dos resultados e as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora se as houberse.

#### **5. Difusión do plan**

A principios do curso 2022/2023, no primeiro claustro, procederase á presentación deste plan entre o novo profesorado, é dicir, o que se incorpore en dito curso.

Tamén se colgará na páxina web do centro para a súa difusión entre as familias.